



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400^a

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE ACORDO DA APROBACIÓN E PUBLICACIÓN DAS BASES PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS ÁS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O FOMENTO DA CULTURA NO ANO 2024

EXPEDIENTE: 2024/A002/000001

FEITOS:

1. Logo de ver a proposta da Concelleira de Educación, Cultura, Patrimonio e Deportes de data 03/09/2024 para a convocatoria de **Axudas ás entidades sen ánimo de lucro para o fomento da cultura no ano 2024**.
2. Logo de ver o informe de fiscalización da Intervención Municipal emitido en data 12/09/2024 relativo á convocatoria de **Axudas ás entidades sen ánimo de lucro para o fomento da cultura no ano 2024**.
3. Visto o disposto no Anexo I das Bases de execución do orzamento, no que se regulan as subvencións e transferencias concedidas polo Concello de Malpica de Bergantiños.
4. A Alcaldía é competente para resolver, segundo dispón o artigo 21.1 f da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

NORMATIVA APLICABLE:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, do 2 de xullo, reguladora da administración local de Galicia.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación.
- Bases de execución do orzamento do ano 2023 do Concello de Malpica de Bergantiños.

ACORDO

1. Aprobar as **Bases para a convocatoria de axudas ás entidades sen ánimo de lucro para o fomento da cultura no ano 2024**, segundo a proposta da Concellería de Educación, Cultura, Patrimonio e Deportes de data 3 de setembro de 2024, recollida nos anexos I, II e III, o gasto alcanzará un importe máximo de 20.000,00 €, con cargo á partida orzamentaria 334.48000,

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400^a

e ordenar a publicidade do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

1. Publicar as Bases e o extracto da convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello de Malpica de Bergantiños, no BOP e na web municipal.
2. Nomear instrutor do expediente ao Animador Sociocultural do Concello de Malpica de Bergantiños.
4. Dar conta do presente acordo á Intervención municipal, ao Animador Sociocultural, así como ao Pleno na seguinte sesión que se celebre.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, M^a Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo).